



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento interno do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: os derivados da inexistencia dunha regulación do funcionamento e xestión da instalación. Estase levando a cabo a municipalización do servizo, cuxa memoria xustificativa propón como medio de xestión a concesión, cuxo réxime xurídico establece a necesidade de contar con este tipo de regulación.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación: obrigatoriedade determinada na lexislación contractual de establecemento do réxime xurídico do servizo.

c) Os obxectivos da norma: regular as normas de uso da instalación, establecendo, entre outros, horarios, dereitos e obriga dos usuarios.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: dada a demanda da instalación, e o feito de contar cos permisos correspondentes para poner en funcionamento a instalación, non existen solucións alternativas ou non son axeitadas.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal (www.concello-cabana.es/) e na sede electrónica municipal (<https://sede.concello-cabana.es/es/>), mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O alcalde. José Muíño Domínguez.

Documento asinado dixitalmente.